

Acta do Consello Escolar

Acta do consello escolar ordinario celebrado o luns, día 2 de decembro de 2024, ás 11:10 horas, na aula 5, ao obxecto de tratar o seguinte asunto:

- Constitución do recién renovado Consello Escolar

Preside a reunión o director do centro, Víctor Rodríguez Romero, e asisten as persoas que figuran na folla que se achega.

Preséntase aos novos membros do consello:

- As alumnas, Ildara González Ferreiro e Mencía Vila Bastero
- O representante do ANPA, Luis González Rodríguez
- Os representante dos pais e nais, Manuel De la Fuente Santiago e Rosa M^a Núñez Álvarez.
- A representante do PND, Paula Pérez Vázquez
- Os representantes do profesorado, Gloria María Quicler Román, Damián Suárez Vázquez e Santiago Pérez González

Víctor fala da importancia desde órgano, xa que o claustro é un órgano consultivo pero é no consello escolar onde todos os cambios que teñan lugar no noso centro e os proxectos educativos no que participemos teñen que ser aprobados.

Explica aos novos integrantes que todos no consello teñen voz e poden facer propostas.

Cada trimestre presentamos tamén neste órgano un resumo dos resultados académicos e os principais problemas de convivencia no centro.

Próximamente teremos que renovar as Comisións económica e a Comisión de convivencia.

Tras esta intervención, dáse por rematada a sesión ás 11:25.

En Vigo, a 2 de decembro de 2024

O director

A secretaria:

Asdo.: Víctor Rodríguez Romero

Asdo.: Beatriz González de Paz

Acta do Consello Escolar

Acta do consello escolar ordinario celebrado o luns, día 2 de decembro de 2024, ás 11:25 horas, na aula 5, ao obxecto de tratar o seguinte asunto:

- Aprobación do plan dixital do centro.

Preside a reunión o director do centro, Víctor Rodríguez Romero, e asisten as persoas que figuran na folia que se achega.

Víctor toma a palabra para falar brevemente do plan dixital que foi enviado os convocados por correo electrónico. Como novidade usaremos a plataforma Abalar en todos os equipos do centro.

Informa de que a Consellería vai cambiar as pantallas dixitais das aulas e teremos que aprender a utilizar as pantallas novas e autoformarnos para sacarlles rendemento.

Xosé Pérez expresa a súa preocupación sobre o coidado das pantallas por parte do alumnado, xa que as novas pantallas son delicadas e moi costosas.

Sara Espiñeira reflexiona sobre o lixo dixital, pois as pantallas actuais aínda valen, non están estropeadas, como para ter que cambialas.

Víctor responde que nos non solicitamos este equipamento nin a Consellería pregunta se o queremos, solo informa de que vai vir e vaise a instalar.

Procédese a votación para a aprobación do plan dixital presentado e queda aprobado por maioría, sen votos en contra.

Tras esta intervención, dáse por rematada a sesión ás 11:40.

En Vigo, a 2 de decembro de 2024

O director

A secretaria:

Asdo.: Víctor Rodríguez Romero

Asdo.: Beatriz González de Paz